

Apresentación

Neste nº 26 do noso Boletín, na sección de **EsCULcA**, damos conta dos contactos mantidos con os grupos parlamentares do PP e o BNG a quen presentamos as propostas do noso Observatorio en materia de política penitenciaria e penal, da distribución do escrito que enviamos ao Sr. Núñez Feijóo para lle lembrar que non pode participar en actos relixiosos na súa condición de Presidente da Xunta de Galiza e de diversas actividades de EsCULcA-Xustiza.

No apartado de **Análises e Relatórios** publicamos un curioso artigo de Barbara Ehrenreich (“O meu artigo mandou un home a Guantánamo”), en que se narra a insólita historia de un preso de Camp David, e dous importantes ensaios de Danilo Zolo e Xulio Ferreiro Baamonde respectivamente. No primeiro (“A apoloxía xudiciaria da guerra da agresión”), Zolo denuncia e documenta con rigor a dupla vía da xustiza penal internacional. No segundo (“A sentenza do TEDH sobre Batasuna: Algunhas sombras”), Ferreiro examina a recente sentenza do tribunal europeo e alerta contra a deriva das novas concepcións que esquecen os postulados básicos do dereito democrático.

En **Breves** recolleemos información sobre varias denuncias contra diferentes corpos policiais pola súa actuación en Pontearreas, Cangas, Coruña e Viana do Bolo. Tamén recolleemos algunhas reaccións de colectivos e persoas que manifestaron a súa alarma polos recentes acontecementos do canal de Sicilia, onde morreron máis de setenta persoas de nacionalidade eritrea por omisión de socorro dos barcos que patrullaban ou pescaban na zona, e a campaña do goberno de Israel contra grupos de dereitos humanos.

En **Documentos** damos a coñecer un importante manifesto da *Coordinadora para a Prevención da Tortura* en que se describen, con información moi precisa, as vicisitudes das xestións realizadas con o goberno español para a posta en marcha de unha política solvente de prevención da tortura e os maus tratos.

Finalmente, en **Biblioteca**, comentamos os libros de dúas autoras comprometidas. O primeiro, *Raising my voice*, é obra da escritora e activista afgá Malalai Joja e nel a autora revela a dura realidade desta sociedade presionada por talibáns, señores da guerra e invasores occidentais. No segundo, *La historia de la intervención humanitaria. El imperialismo alrtuista*, Itziar Ruiz-Giménez Arrieta, presidenta da sección española de Amnistía Internacional, examina a intervención internacional no Iraque, Libéria, Somália, Ruanda ou o Kosovo e avalia o resultado destas operacións armadas.

EScULCA NO PARLAMENTO

No pasado mes de Xuño, EsCULcA voltou ao Parlamento de Galiza para presentar aos Grupos da cámara as propostas do noso Observatorio en materia de política penitenciaria e penal. As propostas, por desgraza, non son novas, mais a desidia do nosos lexisladores e da Administración fan que outra vez voltemos sobre elas esperando sexan acollidas.

Así, levamos no cartafol en materia de menores a petición de recuperar a xestión pública dos centros de menores (reformatórios) hoxe maioritariamente rexidos por ONG,s. Tamén reiteramos a nosa petición de crear un Mecanismo Nacional Preventivo, con as competencias de visitas irrestrictas aos centros de menores que recolle o Protocolo Facultativo para a prevención da tortura. Tal proposta foi negociada con a Administración anterior, fracasando ao non se aceptar ese irrestricto carácter das visitas e tamén pola hostilidade cara ao proxecto da entón Secretaría Xeral de Benestar, apesar de existir unha proposición do Parlamento, aprobada por todos os Grupos, para a creación dese mecanismo.

En materia penitenciaria, reiteramos a urxencia de realizar as xestións para obter a efectiva transferencia ao SERGAS da Sanidade Penitenciaria, transferencia que tería que ser efectiva hai anos segundo establecía a Lei para a Coesión do Sistema Nacional de Saúde. Levamos unha proposta para a creación dun turno de oficio no ámbito penitenciario, con unha dotación orzamentaria viavel, mesmo nestes tempos de crise do capitalismo expansivo, se hai vontade de ollar cara os mais esquecidos.

E, por último, solicitamos a presentación en sede parlamentaria do *Relatório Anual da Coordinadora para a Prevención da Tortura*, con especial atención aos casos rexistados no noso país e aos denunciados por EsCULcA mediante as tres querelas interpostas perante os xulgados de instrución de Betanzos por feitos acontecidos no módulo de isolamento de Teixeira.

Estas propostas foron escuitadas por representantes dos Grupos Parlamentares do BNG e do PP. Resta agora ver se serán acollidas, rexeitadas ou ignoradas. Máis difícil será que sexan tidas en conta polo Grupo do PSdeG que, con diferenza aos outros dous Grupos do Parlamento, non tivo a deferencia de responder à solicitude de reunión formulada por EsCULcA.

En todo caso, EsCULcA non duvidará en esixir por medio do exercicio da crítica perante a opinión pública a responsabilidade política dos nosos representantes na cámara no caso que estas propostas receban, mais unha vez, o silencio por resposta.

EScULCA NO OBRADOIRO

O anuncio da participación do presidente da Xunta de Galiza, en calidade de delegado réxio, na oferta que a casa real española realiza cada 25 de Xullo na catedral católica de Compostela obrigou EsCULcA a dirixirse ao Sr. Núñez Feijóo para lle lembrar que o español é un estado aconfesional e que isto implica un principio de neutralidade dos poderes públicos en materia relixiosa que veda calquer tipo de confusión entre funcións relixiosas e estatais.

Como xa acontecera en anteriores ocasións, tamén o actual presidente da Xunta de Galiza ignorou o escrito de EsCULcA, apesar do evidente fundamento constitucional da nosa reclamación, e acudiu ao acto do templo católico a facer oferta e rogativa.

“Protexe ao noso país. Aluméanos ós seus gobernantes para que saibamos escoitar as inquedanzas da xente. Amortece os aloucos dos galegos que viven sen esperanza, e fai que medre o espírito solidario dos máis afortunados. Danos inspiración para que o noso goberno e todas as institucións de Galicia sigamos a ser unha ferramenta útil para acadar o ben común de todos”, recitou, rodeado de sacerdotes, perante un público formado en grande medida por militares, funcionarios do concello e autoridades civís, todas elas apropiadamente engalanadas.

À saída da catedral, o grupo dirixiu-se ao Palácio de Raxoi, momento en que activistas de EsCULcA entregaron en mao o escrito ao Sr. Nuñez Feijóo e a outros membros da comitiva, así como aos turistas que presenciaban o colorido desfile.

AED EN COMPOSTELA

Os días 12-13 de Xuño a AED (Advogados Europeus Democratas), a que pertence EsCULcA-Xustiza, celebrou no Coléxio de Avogados de Compostela a súa Asemblea Xeral. A asemblea debateu os relatórios das diferentes comisións, entre eles o elaborado por Xulio Ferreiro Baamonde a petición de EsCULcA sobre a ilegalización de partidos políticos e asociacións no Reino de España.

Así mesmo, a asemblea preparou o próximo colóquio de París, definiu os contactos da AED con as institucións europeas e aprobou a participación na comisión de investigación do Parlamento Europeo que examinará a actuación do exército israelita na Faixa de Gaza. A asemblea determinou igualmente a asistencia à Conferencia dos Povos en proceso de autodeterminación de Belfast e a cooperación con a asociación israelita de dereitos humanos *Hamoked*. Tamén acordou prestar apoio legal ás persoas que participaron nas concentracións realizadas con motivo da reunión do G8 2009 en L'Aquila.

ESCALA-XUSTIZA EN PARIS

Heitor López de Castro Ruiz, en representación de EsCULcA-Xustiza, participará no colóquio internacional *A Evolución do Dereito Laboral en Europa baixo a Presión da Economía (neo-)liberal*, que organizan a asociación de Advogados Europeus Democratas e o Sindicato de Advogados de Franza.

O colóquio terá lugar na sede do Coléxio de Advogados de Paris, os días 15-17 de Outubro, e están previstas tres áreas de traballo:

- Dereito à acción colectiva à vista das resolucións do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas e do Tribunal Europeu dos Dereitos Humanos

- Tempo de traballo e garantías de protección dos traballadores.
- Desprazamento ou deslocalización dos traballadores en Europa, a aplicación da lexislación local, a internacionalización do contrato, a contratación eventual e a contratación precária: mecanismos que favorecen o dumping social (con a análise das directivas e a xurisprudencia do TXCE), e referencia à súa aplicación en Franza, Bélxica e o Reino de España.

Finalmente unha mesa redonda recollerá os puntos de vista de representantes do Parlamento Europeu e de especialistas do ámbito académico e sindical así como de defensores dos traballadores sobre a xurisdición social e abrirá pistas de reflexión e actuación que se concretizarán nas conclusións do colóquio.

ANÁLISES E RELATÓRIOS

O MEU ARTIGO MANDOU UN HOME A GUANTÁNAMO*

Barbara Ehrenreich

Agrada-me pensar que algunhas das cousas que escribo causan malestar a quen o merece. Para min, o ideal sería que lle provocase espasmos, convulsións, cólicas gastrointestinais pasaxeiras. Mais sempre tiveron un límite: a tortura. É posíbel que ler algun dos meus escritos resulte unha experiencia desagradábel, sobretudo se é por obrigación académica, mais nunca chegan a provocar berros descontrolados, mutilacións xenitais ou graves perdas de sangue.

Con esta ética xornalística, non é de estrañar que ficase en estado de shock cando lin no *Dailay Mail* do pasado 14 de Febreiro un breve artigo intitulado: “A guía on-line para fabricar a bomba H de escritora gastronómica foi a 'prova' que mandou este home a Guantánamo”. A “escritora gastronómica” era eu e o relato comezava así:

“Segundo se soubo onte, un 'residente' británico, agora prisioneiro en Guantánamo, foi declarado terrorista cando confesou que visitara un sitio web 'de humor' para aprender a fabricar armas nucleares”.

“Binyam Mohamed, que antes da súa detención solicitara asilo no Reino Unido, admitiu ter lido as 'instrucións' despois de supostamente ser submetido a malleiras nun cárcere paquistaní e ser obrigado a permanecer pendurado polos pulsos durante unha semana enteira con unha pistola na cabeza”.

Ainda que non son, e nunca fun, unha “escritora gas-

trónomica”, outros pormenores da 'brincadeira' correspondían à realidade. Por exemplo, os nomes dos co-autores do artigo, Peter Biskind e o estudante de física Michio Kaku.

Foi en 1979, cando Peter e eu traballávamos para unha, agora defunta, revista de esquerdas chamada *Seven Days*. O goberno suspendera a publicación de outra revista, *The Progressive*, por publicar un artigo chamado 'A Bomba H secreta'. Non lembro o artigo e o director actual da revista só recorda que contiña unha chea de datos de física que “para min eran grego”. Tanto por solidariedade con *The Progressive* como por vontade de defender a liberdade de expresión, en *Seven Days* decidimos facer un artigo satírico intitulado “Como facer a tua propia Bomba H”. Oferecíamos instrucións pormenorizadas para fabricar a bomba utilizando exclusivamente ingredientes domésticos, deses que hai en todas as casas.

Non era unha sátira subtil. Despois de discutirmos a toxicidade do plutonio, advertíamos que para evitar absorvé-la oralmente, “Non se debe preparar a Bomba-H con o estómago vacío”. O meu apartado preferido era o que tratava do enriquecemento de uranio hexafluorado:

“En primeiro lugar transforme o gas en líquido submetendo-o a presión. Para isto pode utilizar unha bombiña de bicicleta. A seguir prepare un centrifugador doméstico simples. Verta uranio hexafluorado líquido nun caldeiro de tamaño regular até un cuarto da capacidade total. Ate unha corda de metro e medio à asa do caldeiro. Faga xirar a corda (e o caldeiro atado nela) por riba da cabeza durante uns 45 minutos a maior velocidade posí-

vel. A seguir, reduza a velocidade gradualmente e coloque o caldeiro con muito cuidado no chan. Pola súa menor densidade, o U-235 subirá à tona. Retire-o. Repita toda a operación até chegar aos 5 Kgs. de urânio necesarios. (Nota: non poña todo o urânio hexafluorado nun único caldeiro. Utilice dous ou mais caldeiros e mantéña-os separados nos diferentes cantos do cuarto para prevenir o prematuro aumento de masa crítica”).

O noso artigo de portada sobre a bomba H tivo algun eco na altura, despois desapareceu no sobrado da *Seven Days* para reaparecer, polo menos en parte, na Internet a principios de 2000. Hoxe, pode ler-se no blogue de unha Universidade de Dayton acompañado de comentários eloxiosos: “Este forum ofrece o texto gratuitamente. Trata-se de unha das mellores sátiras científicas que coñezo. Rezo para que os grupos terroristas tenten fabricar unha bomba atómica seguindo estas instrucións: aínda que consigán sobrevivir, terán pasado meses de inútil esforzo”.

Entregado ao FBI

Enter Binyam Mohamed, refuxiado etiópe, residente legal na Gran Bretaña traballava de celador nunha facultade despois de superar problemas de droga até ao día en que decidiu pór fin à súa carreira. Segundo o advogado Clive Smith, do grupo *Reprieve*, Mohamed viaxou a Afganistán en 2001, atraído pola sociedade sen drogas dos talibáns -o que, do meu punto de vista, era como pasar da bronquite ao cancro de pulmón-. Pouco despois a guerra obrigou-no a trocar Afganistán por Karachi, desde onde tentou regresar ao Reino unido. Mais, como refuxiado, carecía de pasaporte e utilizava o de un amigo, o que provocou a súa detención no aeroporto. Smith di que os paquistanís o entregaron ao FBI, na altura obsesionado con a posibilidade de un ataque nuclear de Al Qaeda aos EUA. Despois de recibir numerosas malleiras e permanecer pendurado polos pulsos como antes dixemos, Mohamed “confesou” ter lido un artigo na internet sobre como fabricar a Bomba H, insistindo en que se tratava de unha 'brincadeira'.

Mais na América do após 11/S non hai lugar para a ironía. Aínda hoxe é ilegal facer bromas sobre bombas en presenza do persoal de seguranza dos aeroportos. Por que vías chegou a coñecimento de Washington que Mohamed sabía fabricar a

Bomba H é unha incógnita -muitos documentos non son aínda accesíbeis ao público por non teren sido desclasificados. Smith supón que o que aconteceu foi que só se informou da parte referida à bomba e non se esclareceu que se tratava de unha broma. O resultado, en calquer caso, foi que Mohamed caí nun mundo de terror infinito: torturado nas prisións dos EUA de Bagram e despois entregado a Marrocos, onde padeceu tortura durante máis 18 meses -incluíndo repetidos cortes no pénis con un escalpelo-, veu aterrorar finalmente en Guantánamo onde padeceu abusos durante máis de 5 anos.

A principios de 2009 foi posto en liberdade e devolvido a Gran Bretaña.

Como se non fose xa avondo ter o caso de Mohamed sobre a consciéncia, os EUA parecen dispostos a atribuír as supostas ambicións nucleares de Mohamed tamén a outro home, un cidadán americano chamado José Padilla, aliás o “bombista suxo”.

A prova? Padilla tería viaxado no mesmo voo para o que Mohamed tiña reserva, é natural portanto pensar que ambos eran cómplices. Comentando a detención de Padilla en 2002, o *Chicago Sun-Times* dicía no editorial: “Culpabilizamo-nos por non conseguir entender o que tentan facer [os supostos terroristas] , máis talvez sexa mellor así. Para nós sería difícil ollar o demo directamente à cara”.

Non son tan histriónica como para sentir-me responsábel dos tormentos que sufreron Mohamed e Padilla -polo menos non máis responsábel que o resto de persoas americanas que non se levantaron en ira revolucionária contra o rexime de terror de Bush. Non, estou demasiado ocupada en ferver de raiva por outra ironía: cada vez que me queixo das torturas, entregas, detencións, etc. que fai o meu país sempre aparece algun desgrazado presuntuoso disposto a responder que estas medidas son a garantía de que as escritoras sabichonas como eu teñan liberdade de expresión.

Temos un goberno tan depravado e tan impenetravelmente estúpido que se apaña para coller o meu dereito a expresar-me libremente e transformá-lo no inferno en vida de outra persoa.

(*) Este artigo foi publicado no núm. 35 de *The Reader* (ColdType.net) correspondente a Abril de 2009.



A APOLOXIA XUDICIÁRIA DA GUERRA DA AGRESIÓN

Danilo Zolo

Segundo a "comunidade internacional" os Tribunais internacionais *ad hoc*, e nomeadamente a Corte penal internacional, deberían contribuir en medida relevante à garantía da paz entre os povos e à tutela dos dereitos humanos. É óbvio que para conseguir este obxectivo os tribunais deberían dar prova de absoluta imparcialidade e autonomía ao xulgaren as causas da súa competencia. Os tribunais deberían ignorar as expectativas -ou os requirimentos ou chantaxes- das grandes potencias e en xeral dos titulares dos "poderes fortes" internacionais, incluídos os poderes militares e os poderes económico-financeiros. Se os xuíces internacionais e, sobretudo, os procuradores xerais carecen da coraxe e do rigor necesarios para desenvolver a función de maxistrados imparciais, a propia función da xustiza penal internacional diluíuse na nada. Nese caso, as cortes internacionais non contribúen à tutela dos dereitos fundamentais e à causa da paz, senón que se converten en instrumentos dos intereses das grandes potencias, especialmente dos intereses que estas perseguen mediante o uso da forza.

Esta premisa precede a unha tese moi simple e moi grave: tanto o Tribunal Penal Internacional de A Haia para a ex-Xugoslavia como a Corte Penal Internacional recorreron -e aínda recorren- a procuradores xerais desprovistos dos dotes necesarios para exercitaren a súa función con imparcialidade e rigor. En primeiro lugar, mais non só, é obrigado facer referencia à procuradora xeral Carla del Ponte, en relación à guerra balcánica e en particular à guerra polo Kosovo que desencadeou a OTAN contra a República Federal de Xugoslavia en 1999. En segundo lugar, é preciso mencionar o procurador xeral da Corte penal internacional, o arxentino Luis Moreno Ocampo, en relación à guerra dos Estados Unidos e a Gran Bretaña contra o Iraq no 2003 e à condena do Presidente do Sudán, Omar Al-Bashir en Marzo de 2009.

Procuradores bifrontes

No primeiro caso, resulta fácil mostrar que as procuradoras xerais do Tribunal de A Haia, designadas polo Consello de Seguraza das Nacións Unidas, aliáronse sistematicamente con as autoridades políticas e militares da

OTAN, dependentes à súa vez das decisións da administración estado-unidense. É manifesto que a partir dos últimos anos da guerra de Bósnia instaurouse o costume de establecer unha estreita colaboración xudiciária entre a Procuradoria xeral do Tribunal e as forzas da OTAN presentes nos territorios da ex-Xugoslavia. Os militares dos continxentes Ifor e Sfor da OTAN desempeñaron funcións de policía xudiciária que o Estatuto do Tribunal curiosamente ignorara, desenvolvendo actividades de investigación, buscando as persoas inculadas e procedendo ao seu arresto *manu militari* por conta do Tribunal.

Esta anómala colaboración converteuse en auténtica sinerxia institucional cando a presidencia do Tribunal de A Haia foi asumida pola estadounidense Gabrielle Kirk McDonald e a función de procuradora xeral foi asignada polo Consello de Seguraza à canadiana Louise Arbour. A Sra. Arbour nunca ocultou a súa plena coincidencia con os obxectivos políticos das potencias occidentais e a súa hostilidade en relación ao goberno xugoslavo¹. A situación chegou a ser aínda máis grave cando a finais de Decembro de 1999, case seis meses despois do fin da guerra polo Kosovo, Louise Arbour foi substituída, nas súas funcións de procuradora xeral, pola suíza Carla del Ponte. A Procuradoria xeral do Tribunal de A Haia, que mesmo enviara representantes ao confín do Kosovo para recoller información e testemuños sobre os crimes de guerra cometidos polo exército sérbio, tivo bon cuidado de non levar a cabo a máis mínima investigación -para o que tiña competencia e o absoluto deber profesional de o facer- que permitise averiguar se os exércitos da OTAN tamén tiñan cometido crimes de guerra².

Mais aínda, cando a Procuradora recibiu graves e precisas denuncias formais contra a OTAN -entregadas por unha delegación de deputados rusos, do goberno de Belgrado e sobretudo de un grupo de recoñecidos xuristas canadenses, encabezados por Michael Mandel-, Carla del Ponte decidiu arquivá-las por manifestamente infundadas³. Os motivos alegados para xustificar o arquivo baseábanse na "conduta responsable" da OTAN que, argumentábase, non usara nunca a forza para provocar "directa ou indirectamente vítimas civís". Trátase de mentiras evidentes -avonda pensar no bombardeamento da televisión de Belgrado- e de unha explícita apo-

¹ Cfr. L. Arbour, "Así levarei ao banco dos réus todos os verdugos de Milosevic", entrevista conducida por N. Lombardozi, *la Repubblica*, 7 Maio 1999, p. 11. Note-se que o título da entrevista aparece entre aspas no orixinal, o que permite atribuír à entrevistada -non ao entrevistador ou à redacción do xornal- a afirmación que dá título à entrevista.

² Unha ampla documentación da implicación do Tribunal Penal Internacional para a ex-Xugoslavia con as autoridades da OTAN e con a administración estadounidense pode ver-se na miña monografía *Invoking Humanity. War, Law and Global Order*, London-New York, Continuum, 2002, pp. 99-132.

³ Vexa-se: Mandel, M., "Politics and Human Rights in the International Criminal Tribunal for the Former Yugoslavia: Our Case Against NATO and the Lessons to Be Learned from It", *Fordham International Law Journal*, 25 (2001); M. Mandel, *How America Gets Away with Murder: Illegal Wars, Collateral Damage and Crimes Against Humanity*, London, Pluto Press, 2004, trad. it. Torino, Ega editore, 2005, pp. 14-22.

loxia xudiciária da guerra de agresión conducida pola OTAN⁴. Os bombardeamentos aéreos non só destruíron vidas humanas, senón que tamén inflixiron danos gravísimos à estrutura civil e produtiva de un país inteiro, multiplicando os mutilados, os feridos, os órfaos, os refuxiados e os desventurados e sen teito. Son mentiras que ofrecen un enésimo argumento para probar a dependencia da OTAN deste inglório Tribunal internacional, querido, financiado e asistido militarmente polos Estados Unidos.

No que se refere ao Procurador xeral da Corte penal internacional, Luís Moreno Ocampo, a súa figura aparece cada vez mais como un fiel duplicado de fiscais como Louise Arbour e Carla del Ponte. Trata-se de maxistrados destinados a pasar à historia pola súa dependencia da vontade das grandes potencias occidentais. Antes de mais nada, é obrigado subliñar que a Corte penal internacional -cuxa xurisdición entrou efectivamente en vigor no 2003- en case seis anos desenvolveu unha actividade xudiciária practicamente nula. A Corte limitou-se a unha serie de investigacións, que ficaron incompletas, na África subsaariana e mantivo-se prudentemente afastada do Oriente Médio.

Ainda mais prudente se mostrou o procurador Ocampo nunha grave ocasión posterior: non hesitou en arquivar ben 240 denuncias formalmente apresentadas na procuradoria da Corte contra os crimes cometidos no Iraque polas tropas anglo-americanas a partir da agresión de 2003. Apesar de ter plena competencia para intervir en relación a Gran Bretaña, Ocampo non abriu investigación algunha, nen antes nen despois da denuncia, e recorreu a un estratexema fácil, decalcado dos argumentos de Carla del Ponte: declarar a ausencia de "calquer intención dolosa" por parte dos exércitos anglo-americanos que agrediron e ocuparon o Iraque, exterminando millares de persoas inocentes. Tamén neste caso, portanto, tratou-se de apoloxia xudiciária de unha guerra de agresión "humanitaria" e dos crimes cometidos

polos agresores: unha apoloxia inadmisível por parte de un maxistrado internacional de altísimo rango.

Non podemos calar outro pormenor inquietante: a procuradoria da Corte penal internacional non puxo en marcha investigación algunha sobre os eventuais crimes cometidos por Israel en territorio palestino ocupado, nen sequer durante as tres semanas da operación "Chumbo fundido". Ainda que a Autoridade Nacional Palestina votou e ratificou o estatuto da Corte, Ocampo sostivo, con a súa habitual prudencia, que eran necesarias escrupulosas indagacións xurídicas antes de recoñecer à Autoridade Palestina a condición de suxeito do ordenamento internacional, condición imprescindible para poder eventualmente incriminar as autoridades israelitas polo seu comportamento ilegal contra o povo palestino.

Apesar da absoluta cautela mostrada nos casos precedentes, en Marzo de 2009, imprevistamente, Moreno Ocampo acusou de crimes de guerra e xenocidio un xefe de estado africano, o presidente do Sudán Omar al-Bashir, ainda que el nunca chegou a pisar Sudán⁵. A competencia para intervir fora atribuída à Corte penal internacional polo Consello de Seguranza das Nacións Unidas, ao non ter o Sudán subscrito o estatuto da Corte⁶.

A operación foi de feito imposta ao Consello de Seguranza polos Estados Unidos, que pretendían tamén que os militares e os civís estadounidenses presentes en Sudán fosen substraídos à xurisdición da Corte.

Estamos portanto, mais unha vez, frente à dupla via da xustiza penal internacional: por unha parte un xustiza indulgente até a culpabilidade cando se trata das grandes potencias do planeta e os seus dirixentes, responsáveis de gravísimos crimes -pense-se, entre moitos outros, en personaxes como Bill Clinton, George Bush, Tony Blair, Ariel Sharon, Ehud Olmert, Vladimir Putin -. Pola outra, a arrogancia de unha pseudo-xustiza internacional cando se trata dos povos pobres, débéis e oprimidos⁷.

⁴. A propósito deste feito, Antonio Cassese expresou-se mais severamente, falando da "síndrome de Nuremberg" e de "xustiza dos vencedores": "cando se puxo o problema de verificar se os militares da OTAN cometeran crimes de guerra en Sérbia en 1999, o Procurador de A Haia, Carla del Ponte, preferiu evitar a abertura de investigacións"; cfr.: A. Cassese, "Il processo a Saddam e i nobili fini della giustizia", *la Repubblica*, 19 ottobre 2005, p. 23.

⁵. Antonio Cassese, que denunciara en moitas ocasións "a inercia da Procuradoria da Corte Penal Internacional", comentou mui severamente a imprevista decisión do procurador Ocampo; cfr. A. Cassese, "La condanna di Bashir, un *coup de theatre* con scarsi effetti pratici positivi", *la Repubblica*, 15 luglio 2008. Sobre este tema vexa-se tamén o meu diálogo con Gino Strada, "Sudan: una giustizia internazionale discutibile", *il Manifesto*, 15 Marzo, 2009.

⁶. O artigo 13(b) do Estatuto da Corte penal internacional prevé que o Consello de Seguranza das Nacións Unidas poda investir a Procuradoria da Corte da competencia para investigar un determinado caso. Tal competencia xurisdiccional vale mesmo en relación aos Estados que non ratificaran o Estatuto da Corte (como era o caso do Sudán).

⁷. Sobre o tema da dobre via da xustiza penal internacional permito-me remeter ao meu libro *Victors' Justice*, London-New York, Verso, 2009, en particular ao primeiro capitulo.



A SENTENZA DO TEDH SOBRE BATASUNA: ALGUNHAS SOMBRAS

Xulio Ferreiro Baamonde

O pasado 30 de xuño o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos (TEDH) ditou tres diferentes sentenzas nas que se resolvían os procedementos incoados diante de tal tribunal como consecuencia da declaración de ilegalidade dos partidos políticos *Herri Batasuna* e *Batasuna*, así como as subseguintes impugnacións das súas propias ilegalizacións por sucesión fraudulenta dos partidos ilegalizados das agrupacións de electores *Bildu Hernani*, *Nafarroako Autodeterminaziorako Bilgunea*, e outras 219 que presentaron candidaturas ás eleccións locais e autonómicas de maio de 2003 (declaradas todas elas ilegais polo Tribunal Supremo o 3 de maio de 2003, sendo ratificadas as sentenzas polo TC, en STC 85/2003, de 8 de maio) e a terceira que resolve o asunto *Herritarren Zerrenda*, (agrupación que pretendía presentarse ás eleccións europeas de abril de 2004 e que foi declarada ilegal por Auto da Sala do 61 do Tribunal Supremo de 21 de maio de 2004, ratificado por STC 99/2004, de 25 de maio).

Como xa é sabido, estas resolucións do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen declarado que a actuación do Estado español ilegalizando estes partidos foi conforme ás esixencias que se derivan do *Convenio Europeo de Dereitos Humanos* de 1950 (CEDH), que o Tribunal se encarga de aplicar e interpretar. Nas seguintes liñas tratarase de esmiuzar a doutrina que se deriva destas resolucións e extraer da mesma algunhas conclusións en orden aos límites que os Estados teñen en materia de dereitos fundamentais á hora de abordar a problemática terrorista, e interrogarnos se a construción que se deriva desta análise é compatíbel cos postulados dunha sociedade democrática e plural.

Estas sentenzas deben enmarcarse no eido das denuncias presentadas diante deste Tribunal, que ten como deber sinalar un mínimo necesario de respecto na actuación dos Dereitos humanos polos Estados membros do convenio, sen que este límite deba necesariamente cubrir todo o espectro de protección a estes dereitos que se debe considerar, dende un punto de vista programático, necesario. Por outra banda, a declaración de conforme ao Convenio da actuación do Tribunal Supremo e do Tribunal Constitucional españois non asegura, aínda que debe recoñecerse que a fai previsíbel, unha nova validación de actuacións posteriores destes mesmos tribunais nesta materia de prohibición de partidos políticos.

Argumentos dos recorrentes

Varios son os motivos invocados polos recorrentes para entender que a ilegalización de Batasuna (e Herri Batasuna) era contraria ao CEDH, en varios dos seus preceptos. En primeiro

lugar, en canto ao art. 11 do Convenio, ao limitar o dereito de asociación. As causas desta infracción do Convenio estaban, para *Batasuna*, no carácter non asíbel nin previsíbel da Lei Orgánica de Partidos Políticos (LOPP), sendo o seu carácter de lei *ad hoc*, así como da aplicación retroactiva de dita lei, por unha banda. Pola outra, debería terse en conta, para os recorrentes, a ausencia dun obxectivo lexítimo para a disolución dos partidos políticos sinalados, xa que estas terían como obxectivo eliminar o debate político do País Vasco, obxectivo que non tería cabida dentro das restricións lexítimas deste dereito. En consecuencia, esta medida non podería ser considerada necesaria nunha sociedade democrática e sería contraria ao principio de proporcionalidade. Estas alegacións son conformes coa doutrina do TEDH en relación con este artigo, segundo a cal as inxerencias no dereito de asociación estarían xustificadas sempre e cando estivesen previstas nunha norma con rango de lei, persiga un obxectivo lexítimo dos previstos no parágrafo segundo do artigo 11 e, por último, sexa necesaria nunha sociedade democrática para chegar a tales fins.

No gume da navalla

Algunhas destas cuestións foron xa debatidas no ámbito interno nas resolucións que se sinalaron máis arriba, xunto con outras como a que resolveu o recurso de inconstitucionalidade interposto polo Goberno Vasco contra a LOPP, resolto polo TC en Sentenza 48/2003, de 12 de marzo. Neste sentido o Tribunal Constitucional español non entendeu en ningún momento que a LOPP puidese conter algún vicio de inconstitucionalidade por ser unha lei *ad hoc*, nin que a aplicación da mesma puidese ser considerada retroactiva. En canto á primeira cuestión, a STC 48/2003 sinalou que a lei non só era xeral de xeito formal, por terse formulado desa maneira, senón que tamén o era materialmente, en tanto contempla en abstracto unha serie de condutas que poderían determinar a disolución de calquera partido presente ou futuro. En consecuencia, a LOPP non sería o resultado dun exercicio excepcional da potestade legislativa do Estado, senón que a súa xeneralidade e abstracción farían dela expresión dun exercicio correcto e normal da función normativa. Para o TC non supuxo ningún problema que o único suposto de ilegalización que estaba deseñado de xeito especialmente detallado fose o que levou a ilegalizar *Batasuna*, nin que as condutas recollidas neste fosen aquelas que se tiñan atribuído a priori ao propio partido político durante o debate parlamentario-xornalístico.

Tampouco o TC entendeu posíbel a irretroactividade da norma, habida conta do carácter esencialmente sancionador que debe atribuírse á disolución dun partido político por realizar actividades que vulneren os principios democráticos. En

efecto, na medida en que a LOPP establece que, por unha banda, para valorar as condutas consideradas antidemocráticas polo art. 9 ha de terse en conta a súa repetición ao longo da vida do partido, aínda que teña cambiado de denominación e, por outra, a consideración de fraude de lei a constitución en data inmediatamente anterior ou posterior á entrada en vigor da lei dun partido político “*que continúe ou suceda a actividade doutro, realizada coa intención de evitar a aplicación a este das disposicións desta lei*”, na medida en que isto non impedirá a aplicación da mesma, correspondendo ao Tribunal Supremo a apreciación da continuidade ou sucesión e a intención de defraudar.

É dicir, a LOPP dá a entender que os feitos atribuídos a un determinado partido político con anterioridade á entrada en vigor da Lei poderán ser tidos en conta na fundamentación fáctica da condena a efectos de “*apreciar e valorar*” as condutas polas que efectivamente se declarará ilegal este partido político que deben ser, necesariamente e en virtude do principio constitucional contido no art. 9.3 de irretroactividade das disposicións sancionadoras non favorábeis ou restritivas de dereitos fundamentais, posteriores a que comece o período de vixencia da norma.

O TC salvou a tacha de inconstitucionalidade mediante a consideración de que o suposto de feito motivador da disolución, é dicir, as actividades illadamente consideradas como a continuidade e repetición ás que se refire o art. 9.4 da LOPP, son posteriores á entrada en vigor da LO 6/2002; e outra cousa sería, a efectos de determinar a significación de tales actividades e valorar a súa relevancia no conxunto da conduta do partido de que se traten. En consecuencia, para o TC, o suposto de feito motivador da ilegalización debería ser, en todo caso, posterior á entrada en vigor da Lei. Cuestión diferente é que, para determinar a significación actual deses feitos sexa preciso acudir á traxectoria pasada do partido disolto, como mero criterio valorativo. En todo caso, o TC semella camiñar sobre o gume da navalla da sutileza xurídica.

A decision e criterios do TEDH

O requisito da previsión legal. Como se dicía, a xurisprudencia do TEDH esixe que a previsión legal para limitar o dereito de asociación debe ser suficientemente previsíbel polo destinatario da mesma, para permitir aos cidadáns adaptar a súa actuación á mesma e, neste sentido, o Tribunal entendeu que a lei era suficientemente coñecida polos destinatarios e, o que é máis importante a efectos da controversia, contiña de xeito suficientemente preciso os comportamentos susceptíbeis para provocar a disolución. En todo caso, o TEDH non analiza se a adopción destes criterios en base a comportamentos xa realizados anteriormente por unha formación política concreta se coor-

dina ben co carácter abstracto e xeral que debe adornar a esta norma xurídica.

En canto á retroactividade, o TEDH entende que non houbo unha apreciación real de feitos anteriores á entrada en vigor da LOPP que fose determinante para a ilegalización dos partidos demandantes e, en todo caso, non entende que tal retroactividade fose proscrita polo convenio, ao non ser este un procedemento penal.

Necesidade dun obxectivo lexítimo. Existindo, polo tanto, previsión legal suficiente para a disolución do partido político, a segunda condición a cumprirse, segundo a xurisprudencia antes sinalada, é a necesidade dun obxectivo lexítimo como causa da ilegalización. Xa se sinalou que, segundo os recorrentes, non existía tal obxectivo, dado que a fin que perseguía o Estado español era silenciar a voz do independentismo vasco. O Goberno español, pola contra entendeu que a disolución era un xeito de evitar que os partidos recorrentes actuasen contra o sistema democrático e as liberdades esenciais dos cidadáns, sostenendo a violencia e as actividades da organización terrorista ETA e, fronte ás argumentacións dos partidos ilegalizados, entende que a existencia de outros partidos separatistas no Estado español que non son perseguidos probaría a falacia do argumento. Precisamente por tal circunstancia resulta para o TEDH imposible estar de acordo co argumento dos recorrentes e fai verosímil a intencionalidade descrita pola representación do Estado: a conservación da seguridade pública, a defensa da orde e a protección dos dereitos e liberdades alleos.

Medida necesaria nunha sociedade democrática

Só restaría, pois, para o TEDH examinar se as medidas adoptadas polo Estado español, a disolución do partido político, co obxectivo de loitar contra o terrorismo, se poden definir como necesarias nunha sociedade democrática ou, o que vén sendo o mesmo, se son proporcionais.

Os requirentes entenden que, segundo a xurisprudencia do TEDH, a disolución cumpriría sempre e cando os partidos políticos en cuestións poñan en grave perigo a continuidade mesmo do sistema democrático, circunstancia que entenden non probada neste caso, impugnando seguidamente as apreciacións indiciarias do Tribunal Supremo español (e validadas polo TC) sobre a relación entre os partidos políticos e ETA e o chamamento en favor da violencia por parte das formacións ilegalizadas.

O goberno, pola contra, defendeu a proporcionalidade da medida como necesaria na loita contra o terrorismo, dando por probada a relación entre ETA e os partidos sinalados, relación que, por outra banda, nunca foi probada diante dun tribunal penal por sentenza con forza de cousa xulgada, o cal non é

pouca cousa dadas as graves repercusións que se reservan á ilegalización. En todo caso, o goberno español aludiu á xurisprudencia do TEDH en relación coa pertenza ás autoridades nacionais da competencia para apreciar a existencia dunha necesidade social imperiosa para restrinxir os dereitos fundamentais dos arts. 10 e 11 do Convenio (asunto Gorzelik).

De acordo con este último argumento, o TEDH entende que todo partido político pode tentar mudar os principios do sistema, sempre e cando respecte dúas condicións: a utilización de vías legais e democráticas e que o cambio de modelo proposto debe ser compatíbel cos principios democráticos fundamentais. Polo tanto, todo partido político cuxos responsábeis incitan a recorrer á violencia ou propoñen un proxecto político que non respecta as regras democráticas non pode valerse da protección do convenio contra as sancións inflixidas por estes motivos. Por outra banda, para comprobar se existe tal respecto, o Tribunal debe examinar, non só o programa político do partido, senón tamén os actos concretos deste e non cómpre agardar a que tal proxecto se materialice (Asunto Refah Partisi).

Establecidas estas premisas, o Tribunal entra a analizar a existencia ou non dunha necesidade social imperiosa, que, de comprobarse, determinará a condición de “necesaria” á que se refire o art. 11. Tal necesidade social imperiosa non pode ser outra para o propio tribunal que a de que o partido en cuestión supoña un perigo real para a democracia, ou o deseño do proxecto político, globalmente considerado, entra en contradición coa concepción de sociedade democrática. Para comprobar se esta circunstancia está presente no caso Batasuna o TEDH parte dunha premisa que é que Batasuna é un instrumento na estratexia terrorista de ETA.

Naturalmente, con tal premisa de base, é certamente doado adiviñar o resto do siloxismo. Realmente, este é o punto máis feble do argumento do TEDH, pero, sen embargo, o transcendental para todo o que seguirá. A febleza do argumento deriva de que os alicerces do mesmo, que son a propagación por parte do partido dun clima de confrontación social, por unha banda, e o soporte implícito ao terrorismo pola outra, considéranse demostrados pola asunción dos feitos probados das sentenzas de ilegalización que, precisamente, adoecen do necesario respecto a principios como o de presunción de inocencia, proba de cargo suficiente, inmediación, oralidade, etc., debido á consideración non penal deste proceso. Un exemplo: a utilización practicamente coma única fonte de proba por informes periciais (policiais) que non foron sostidos nun plenario nin sometidos á necesaria contradición, ao seren admitidas como probas documentais; resolucións do Xulgado Central de Instrución (nº 5), dende logo, coa provisionalidade propia da instrución xudicial e sen forza de cousa xulgada material, son tidas como chave

para, por exemplo, presumir que a relación entre Batasuna e Gestoras pro-Amnistía, é proba da íntima relación ETA-Batasuna. Dun feito non existente xuridicamente (só presumido, dada a forza limitada das resolucións en fase sumarial, se non son reflectidas finalmente nunha sentenza firme): o carácter de organización terrorista ou banda armada desta asociación, derívase outro e así sucesivamente. Ou qué dicir do recurso á Posición Común do Consello 2001/931/PESC, máis coñecida como Lista Europea de Organizacións Terroristas, cando a inclusión dunha organización ou persoa na mesma depende dunha decisión política, e non da existencia dunha condena firme por actos de terrorismo. Unha vez máis, pódese comprobar cómo un dos principais elementos que a ilegalización de partidos comporta no Estado español son as regras procesuais e, en definitiva, as garantías xurisdicionais que se poñen en cuestión.

Como se dicía, o resto da historia é previsíbel, se se afirma a existencia dun apoio ao terrorismo, estes elementos poden entenderse como incitadores de conflitos sociais no seo da sociedade vasca, en consecuencia, os argumentos manexados polo Tribunal Supremo son considerados válidos para o TEDH, posto que demostran a existencia dunha estratexia contraria aos principios democráticos.

Evidentemente, toda esta construción sería imposíbel se non se enmarca nunha estratexia de loita global contra o terror, onde todo vale, mesmo a erosión permanente dos dereitos fundamentais. O Tribunal non dubida en relacionar este suposto coa loita contra o terrorismo internacional tralo 11-S e co feixe de Decisións-Marco, Posicións comúns e Resolucións do Consello de Europa, lémbrese, todas elas instrumentos sen vinculación imperativa para as partes, a diferenza do Convenio. En consecuencia, a loita contra o terrorismo é unha “necesidade social imperiosa” que permite a limitación dos dereitos fundamentais de liberdade ideolóxica, expresión e asociación.

Sen resolver

Por último, as sentenzas relativas ás agrupacións electorais que foron ilegalizadas como consecuencia da cláusula introducida pola LOPP na LOREG, segundo a cal aquelas agrupacións de electores que fosen continuadoras da actividade dun partido político ilegalizado podían ver anuladas as súas candidaturas a través do proceso contencioso electoral, abordan dúas cuestión polémicas da lei de partidos, a sucesión en fraude de lei e a idoneidade do proceso contencioso-electoral – habida conta da brevidade dos prazos e das limitacións aos principios de contradición e defensa – para tal declaración de fraude. Novamente o TEDH non contempla ningunha pexa contra estas actuacións dos Tribunais españois, mesmo aínda que algunha maxistrada do TC así o fixera. Por unha banda, entende pro-

bada a relación entre o partido político disolto e as novas agrupacións electorais e, pola outra, non considera que a brevidade dos prazos nen a limitación de posibilidades de defensa afectasen ao dereito ao debido proceso dos recorrentes, en virtude de que tales prazos breves son axustados á lexislación eleitoral da maioría dos estados europeos, e a ausencia por parte das agrupacións recorrentes da demostración de cómo estas condicións limitaron na práctica o seu dereito de defensa. Evidentemente, o outorgamento de 14 ou 15 horas de alegacións para combater o arsenal probatorio que Fiscalía e Avogacía do Estado incluíron, reiterando, novamente, os problemas de contradición e imparcialidade na práctica da proba xa mencionados, semella que releva ao recorrente de probar en qué xeito concreto se viron afectados os seus dereitos de defensa.

Deixa o TEDH sen resolver cómo se pode compatibilizar o dereito individual ao sufraxio pasivo, coa prohibición práctica de integrarse en listas que, mesmo antes de actuar, son novamente ilegalizadas, contaminando tal ilegalización a novas persoas, e así sucesivamente.

Perigos

En todo caso, semella perigoso seguir por este camiño onde a mera invocación da loita contra o terrorismo xera automaticamente a aceptación social de limitacións dos dereitos

fundamentais que doutro xeito serían dificilmente asumíbeis, e atopa a comprensión dos máximos tribunais nacionais e europeos. O perigo que estamos a correr na loita contra o terrorismo é esquecer a razón de ser das garantías penais e procesuais penais: presunción de inocencia, *in dubio pro reo*, necesidade de proba de cargo suficiente, dereito aos recursos, etc... teñen sido garantías que se construíron historicamente sobre a idea de que o dereito debe estar centrado no home/muller, no cidadán como eixo do sistema xurídico e que, se ben é preciso dotar o Estado de instrumentos de salvagarda da orde, cando estes afecten gravemente aos dereitos máis sagrados da persoa, vida, liberdade, as cautelas a seguir deben asegurar que non se somete un cidadán inocente ás máis poderosas forzas da represión estatal. A rebaixa das garantías, a fuxida do dereito penal e procesual penal, alí onde se perseguen os delitos máis graves que, segundo se nos di, ameazan as sociedades democráticas, o terrorismo, é onde se esquecen os postulados básicos do dereito democrático e centrado nas persoas, nos cidadáns/ás. Ou mellor dito, créase un novo dereito, do inimigo (Jakobs), da exclusión (Brandariz), en fin, do non-cidadán, do que é despojado das notas completas da personalidade xurídica previo etiquetamento como terrorista. En fin, o dereito, non como instrumento ao servizo de cidadáns libres, senón ao servizo da loita contra as ameazas que atordan a sociedade.

LEI ORGÁNICA DE PARTIDOS POLÍTICOS

Artículo 9. Actividade

1. Os partidos políticos exercerán libremente as súas actividades. Deverán respeitar nas mesmas os valores constitucionais, expresados nos principios democráticos e nos dereitos humanos. Desenvolverán as funcións que constitucionalmente lles son atribuídas de forma democrática e con pleno respecto ao pluralismo.
2. Un partido político será declarado ilegal cando a súa actividade vulnerar os principios democráticos, nomeadamente cando con a mesma se procure deteriorar ou destruír o rexime de liberdades ou imposibilitar ou eliminar o sistema democrático, mediante algunha das seguintes condutas, realizadas de forma reiterada e grave:
 - .a Vulnear sistemáticamente as liberdades e dereitos fundamentais, promovendo, xustificando ou exculpando os atentados contra a vida ou a integridade das persoas, ou a exclusión ou persecución de persoas por razón da súa ideoloxía, relixión ou crenzas, nacionalidade, raza, sexo ou orientación sexual.
 - .b Fomentar, propiciar ou lexitimar a violencia como método para a consecución de obxectivos políticos ou para fazer desaparecer as condicións precisas para o exercicio da democracia, do pluralismo e das liberdades políticas.
 - .c Complementar e apoiar politicamente a acción de organizacións terroristas para a consecución dos seus fins de subverter a orde constitucional ou alterar gravemente a paz pública, tratando de submeter a un clima de terror os poderes públicos, determinadas persoas ou grupos da sociedade ou a poboación en xeral, ou contribuir a multiplicar os efectos da violencia terrorista e do medo e a intimidación xerada pola mesma.

PONTEAREAS

O pasado 16 de Xuño, un grupo de viciños dos bairros de San Vicente e Canedo de Ponteareas, entre os que havia unha maioría de persoas maiores e nenos, foi vítima de unha dura actuación de efectivos antidistúrbios da Guarda Civil, que dobraban en número os manifestantes, cando estes protestaban pacificamente contra as obras de unha rotunda que consideran ilegais. A agresión saldou-se con varias persoas contusionadas, unha delas con un ataque de epilepsia e outras sete detidas.

Os feitos

Os bairros ponteareáns de San Vicente e Canedo levan desde o ano 2000, "cando tivemos a primeira reunión con o Ministerio de Fomento e puxeron unha liña discontinua na estrada", padecendo os transtornos derivados das obras de unha rotunda que comezaron finalmente en 2006 e pouco despois ficaron paralisadas, deixando atras de si un monte de cascallos.

Apesar das reiteradas solicitudes, a asociación de viciños non conseguiu recibir información algunha sobre o proxecto nen ver en nengun momento a licenza de obra.

O 16 de Xuño, despois de varias semanas de protestas para reclamar esa información así como a reposición do estado inicial do acceso aos bairros e o seu contorno, à espera de que "os técnicos e mais os responsábeis do Ministerio saiban como se ten que executar a obra", un grupo de persoas ocupou o recinto en que se comezou a construír a rotunda.

Sobre as 10:30 da mañá chegaron as unidades anti-distúrbios da Guarda Civil e instaron as persoas ali reunidas a abandonar a protesta, ao que o presidente da asociación de viciños contestou que estaban ali para denunciar que se pretende levar a cabo a obra sen as devidas licenzas. O responsábel do operativo anunciou que daría 5 minutos e tres avisos e despois procederían a despejar a zona.

Como a xente se fundiu nunha aperta colectiva que non conseguiron desfacer, os axentes da Guarda Civil comezaron a repartir golpes contra o grupo, en que había, como dixemos, numerosas persoas maiores e nenos.

Posteriormente, a Guarda Civil presentou denuncia no Xulgado de Instrución núm. 2 de Ponteareas contra os viciños aos que acusa de desobediencia, resistencia a autoridade e danos no material anti-distúrbios.

Poden ver-se imaxes desta violenta actuación policial na páxina de *A Peneira-Dixital* (http://www.apeneira.com/dixital/index.php?option=com_content&task=view&id=627&Itemid=225).

CANGAS DO MORRAZO

Cinco persoas presentaron denuncia a principios de Setembro por detención ilegal, lesións e vulneración de dereitos fundamentais contra varios membros da Guarda Civil da Unidade de Seguranza Cidadá de Pontevedra a raíz dos feitos acontecidos no decurso de unha acción pacífica no peirao de Massó, en Cangas do Morrazo. Segundo consta no texto da denuncia, os axentes terían aplicado "forza innecesaria a pesares de que os denunciados non opuxeron resistencia".

Os feitos

Sobre as 7:30 horas do día 20 de Xullo, axentes da Garda Civil adscritos á USECIC de Pontevedra e ao Posto de Cangas, ocuparon o Peirao de Massó con obxectivo de garantir a continuidade das obras de construción de un porto deportivo que promove a empresa Marina Atlántica, S.A. Os traballos non contan con licenza municipal, afectan à autorización para mariscar concedida à Confraría de Cangas desde 1972, prexudican o medio ambiente (informe desfavorábel da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos de Xullo de 2004) e ignoran a prohibición municipal de acceso à zona para vehículos de mais de 3,5 toneladas por perigo de derrubamento na fábrica vella de Massó.

Para manifestar a súa oposición a estas obras ilegais, activistas das asociacións Verde Gaia e Calidoscópico e outras persoas acudiron ao lugar dos feitos na mañá dese mesmo día. Unha delas foi detida de maneira brusca cando se negou a obedecer os requirimentos de un axente para que retirase o vehículo que estacionara nun vial próximo à factoría de Massó, onde non existía prohibición algunha nen impedía os camións de pasaren. Isto provocou as protestas de varias persoas, ao que os axentes responderon con golpes e burlas porque algunha delas lle solicitou que se identificasen.

Posteriormente, para evitar que un camiión de mais de 3,5 toneladas acedese à zona de obras, os activistas sentaron-se no chao, acción que provocou a resposta inmediata dos axentes. Nesta ocasión un deles, que anteriormente fora obrigado a identificar-se, agarrou unha das denunciadas polo brazo, deitou-na no chao, imobilizou-na e puxo-lle as alxemas (que tivo que retirar de inmediato por orde de un superior).

Despois os axentes procederon à detención de todas as persoas que permanecían sentadas coreando frases contra a actuación ilegal da empresa aplicando forza desnece-saria apesar de que elas non opuxeran resistencia.

Conclusión

Segundo se fai constar na denuncia, estes feitos son constitutivos de delito de detención ilegal. Tamén poderían ser constitutivos de un delito de perturbación grave do desenvolvemento de unha reunión lícita, recollido no art. 514.4 C.P. que tipifica as infraccións contra o exercicio de dereitos fundamentais, en concreto o dereito de reunión, recollido no art. 21 C.E., isto é, no Título I, polo que a súa protección é máxima, sendo obrigación da autoridade governativa protexer as reunións e manifestacións fronte a quen trate de impedir, perturbar ou menoscabar o seu lícito exercicio, como expresamente establece o art. 3.2 da L.O. 9/83 reguladora do Dereito de Reunión.

Así mesmo, os axentes denunciados serían responsábeis de dous delitos de lesións causadas a dúas persoas e outras tantas faltas polas lesións producidas a outras dúas. Todas elas obxectivadas en partes médicos que obran no atestado policial.

CORUÑA

O pasado 17 de Agosto, un mozo da Coruña, X.D.F.P., apresentou denuncia no xulgado de instrución núm. 2 desta cidade contra tres homes que se identificaron como axentes da policía secreta. O xoven acusa-os de o teren insultado e agredido nunha rúa próxima à zona do Orzán.

Segundo explica no seu escrito, os feitos aconteceron sobre as tres e meia da madrugada do 13 ao 14, cando X.D.F.P. estaba na porta de un pub de Juan Canalejo e viu que tres homes increpaban algúns rapaces por, supostamente, estaren fumando porros. O denunciante e dous amigos aproximáronse para ver o que acontecía e os axentes obrigáron-nos a acompañá-los. Poucos metros mais adiante teríase producido a agresión violenta (labazadas e ameazas) que agora se denuncia

"Levaron-nos até a rúa de Cordelería através de Canela. X.D.F.P. sentiu medo e quixo voltar a Juan Canalejo. Botou a correr mais parou ao ver que os seus dous amigos non o seguían.

Consta na denuncia que foi agarrado de novo por un dos policías, o que identifica como o seu agresor, e conducido, xunto con un dos seus amigos, a unha zona mais escura onde un deles lle deu varias labazadas na cara. O outro axente limitou-se a insultá-lo.

Di o denunciante que o suposto policía secreta quería que recoñecese un delito de tráfico de drogas. Ao tempo que lle dava bofetadas, ameazava-o con simular un delito de posesión de haxixe e con entregar droga en comisaría e afirmar que lla incautara. X.D.F.P. conta que non acedeu a recoñecer un delito que non cometera." (La Opinión, 18/08/09).

VIANA DO BOLO

O 24 de Agosto, a presidenta da plataforma vienense NOTTA (*Non ao trazado da Liña de Alta Tensión Trives-Aparecida*) apresentou denuncia perante a Subdelegación do Goberno en Ourense contra dous axentes da Guarda Civil que o día anterior, às nove da noite, se presentaron no seu domicilio para pedir información sobre unha reunión deste colectivo, que defende o dereito à saúde das persoas afectadas polo agresivo proxecto da liña de alta tensión. Os axentes querían confirmar que a reunión tivera lugar e saber se fora no domicilio da presidenta, que persoas acudiran e que temas se trataran.

O familiar que abriu a porta, membro tamén da plataforma, negou-se a facilitar a información e preguntou aos axentes quen lles ordenara facer o "traballo". Un deles, que se identificou como cabo da Guarda Civil do posto de Viana do Bolo, contestou que ninguén, que era unha "práctica que lle ensinaban na Academia da Guarda Civil".

A TRAXÉDIA DE LAMPEDUSA

O pasado 14 Agosto en Fortress Europe recibemos un email de Malta en que se nos pedía información sobre unha barca pneumática con 80-85 persoas a bordo que partirá das costas libias o 29 de Xullo. Desde diversos países europeos, outros emigrantes pedían tamén noticias sobre a sorte da embarcación. En Fortress Europe non sabíamos nada. Descartamos a posibilidade de que depois de 15 días pudesen andar à deriva. Con o intenso tráfico de barcos de pesca e patrullas que hai no Canal de Sicilia sería imposible que pasase despercebida. Enganava-nos. A embarcación andava à deriva e os únicos cinco sobreviventes non foron socorridos até a mañá do 20 de Agosto, depois de 23 días no mar. A travesía custou a vida a 75 persoas. Enganamo-nos ao pensar que sería imposible que os pescadores non desen a alarma. Enganamo-nos ao pensar que sería imposible que as autoridades de Malta e os barcos da FRONTEx pudesen esperar até o último momento para alertar as motonaves italianas da presenza de unha embarcación à deriva.

As cinco persoas sobreviventes, dúas delas menores de idade, contaron chorando que nas tres semanas que pasaron no mar se cruzaron con dez barcos costeiros. Amigos, familiares, mulleres, homes, irmáos ían morrendo un depois doutro. Todos os días. Non había barcos militares no horizonte. Mais os barcos dos pescadores non se aproximaban. Só un. Cinco días antes. Os tripulantes deron-lles algunhas garrafas de água, algo de comer e combustible. Depois marcharon.

Fortres Europe - 20/08/09

Omisión de socorro / pena de morte

O profesor Fulvio Vasallo Paleologo, explica que desde o caso Cap Amanur (2003) e o dos sete pescadores tunecinos procesados por favoreceren a inmigración clandestina (2007), os buques mercantes foron reducindo as intervencións de salvamento por temor ás consecuencias. Por outra parte, os convénios operativos desta primavera entre Italia, Malta e Libia agravaron a situación e os acordos bilaterais italo-líbicos -alguns oficiais, outros secretos- estableceron as bases para operacións de patrullamento conxunto cuxo único cometido é "devolver" emigrantes ás costas libias.

Os autores do Regulamento Frontex e os que idearon e escriberon estes acordos internacionais "utilizaron a omisión de socorro, consecuencia directa ou indirecta de un reparto de competencias moi ben tramado, como unha auténtica 'pena de morte' para os migrantes que aínda se atreven a atravesar o canal de Sicilia para fuxir de Libia", afirma Vasallo Paleologo.

Pola súa parte, a *Associazione studi giuridici sull'immigrazione* (ASGI) fixo público o seu desconcerto pola actitude do Goberno italiano a seguir a traxedia.

En troca de expresar a súa dor polas vítimas e solicitar a abertura de unha investigación, mesmo en sede europea, sobre a eficacia e a adecuación das medidas de socorro, o goberno italiano manifestou indiferenza e fastidio, chegando algúns dos seus representantes a acusar explicitamente os sobreviventes de mentir para obter o permiso de residencia. Outros permitíronse insinuar que entre os sobreviventes podía haber delincentes. Entretanto, os cadáveres aparecidos nas augas do Canal de Sicilia confirman a versión das persoas que sobrevivieron, deixando en evidencia as autoridades que despois dos primeiros avistamentos aínda se resistían a recuperar os corpos.

Os xuristas mostran tamén a súa profunda preocupación por outros aspectos do acontecido: os sobreviventes, entre eles dous menores, proceden de Eritrea. Trátase portanto de persoas que foxen de unha situación de violencia xeneralizada e precisan protección internacional. No entanto o goberno italiano pode aplicar-lles medidas de expulsión á fronteira antes de teren acceso aos procedementos para a solicitude de asilo, práctica ilegal moi frecuente.

"Perguntámonos por que se iniciou o procedemento, e preguntámonos se non é paradoxal que naufragos en busca de protección internacional sexan acusados do delito de entrada irregular tipificado na L. 94/2009 (*pacchetto sicurezza*). Dúvidosa parece de feito a conformidade desta norma con o Art. 31 da Convención de Xenebra de 1951. As vítimas do naufraxio, pola dramatismo da viaxe, son sen dúbida persoas que foron expostas a un trauma extremo. No entanto, sabe-se que despois do desem-

barco en Lampedusa foron submetidas a días de interrogatorio, primeiro pola Guardia di Finanza, despois pola Policía (...)

"A participación de unha unidade militar italiana nas operacións FRONTEx, con base en Malta, e a circunstancia de que o primeiro 'avistamento' da embarcación con os eritreos sobreviventes tivese lugar o 18 de agosto, dous días antes do aviso lanzado por Malta cando a embarcación estaba entrando en augas territoriais italianas, sen que se puxesen inmediatamente os medios de busca e salvamento, impón á maxistratura italiana, competente en todos os asuntos en que participen medios militares sob bandeira italiana, investigar a modalidade operativa da última misión FRONTEx en curso nas augas do Canal de Sicilia nos días en que os eritreos andaban á deriva en medio da indiferenza xeral", concluí a ASGI.

IMPONDO O SILÊNCIO

O goberno israelita lanzou o pasado mes de Xullo unha intensa campaña contra as organizacións de dereitos humanos que denuncian crimes de guerra cometidos polo exército na operación *Chumbo fundido* con o fin de frear a publicación de probas comprometedoras.

Os primeiros obxectivos foron a asociación *Human Rights Watch* (HRW) e *Breaking the Silence*. A primeira publicou recentemente relatórios sobre a utilización de fósforo branco contra a poboación civil de Gaza e a campaña de expulsión das tribos beduínas do deserto do Neguev. A segunda deu a coñecer os testemuños de 26 soldados que participaron na operación no último ataque contra a Faixa.

Outras moitas ONGs están tamén no punto de mira: o *Comité Israelita Contra a Demolición de Casas*; *B'Tselem*, entre cuxas actividades está a de entregar aos palestinos cámaras para que graven os abusos dos colonos e o exército; *Paz Agora*, que fiscaliza a construción de novos asentamentos; *Machsom Watch*, cuxos activistas vixian os soldados nos postos de control e *Médicos polos Dereitos Humanos*, que investigan a cumplicidade dos facultativos na práctica da tortura.

Presións

O primeiro paso da campaña -ideada ao que parece por Avigdor Lieberman, sobre quen pesan numerosas acusacións de corrupción, e apoiada polo Primeiro Ministro Benjamin Netanyahu- foi cuestionar as fontes de financiamento das organizacións e ameazar con aprovar leis que proíban calquer contributo económico de gobernos estranxeiros, nomeadamente europeos, ás asociacións que traballan na zona.

O propio Netanyahu arremeteu contra HRW, criticando con dureza as súas actividades para arrecadar fondos en

Arábia Saudita. Aínda que HRW precisou que só acepta doazóns privadas, segundo o goberno israelita todo o diñeiro saudita está manchado e compromete a imparcialidade de HRW.

A asociación enfrente-se agora nos EUA à presión coordinada de lobbies e destacados xornalistas xudeus, algúns dos caís chegou a afirmar que doantes xudeus estado-unidenses tiñan especificado que o seu diñeiro só deberá ser utilizado en investigacións humanitarias que non incluan Israel.

Entretanto, sabe-se que o Ministro de Asuntos Estranxeiros presiona os gobernos europeos e que as embaixadas británica, alemá e española receberam queixas do goberno israelita pola difusión nos seus respectivos países dos testemuños recollidos por *Breaking the Silence*.

DOCUMENTOS

MANIFESTO

SOBRE O PROCESO DE CRIACIÓN DO MECANISMO PARA A PREVENCIÓN DA TORTURA (MNPT) NO ESTADO ESPAÑOL

A *Coordinadora para a Prevención da Tortura*, composta por 45 asociacións do Estado español dedicadas à promoción e defensa dos Dereitos Humanos, naceu en 2004 para lutar pola prevención da tortura e os maus tratos.

A *Coordinadora* forma parte da sociedade civil e nela traballa, facendo-se portavoz das súas denuncias e propostas no relativo à cuestión da tortura.

Porque a Tortura subsiste no Estado español, como provan os relatórios anuais da propia *Coordinadora* e outras ONGs, os documentos dos diferentes relatores da ONU, do *Comité para a Prevención da Tortura* (CPT) ou do *Comité Contra a Tortura* (CAT), así como as condenas de Tribunais españois e do Tribunal Europeo de DD.HH.

Como a prevención e erradicación da tortura é responsabilidade do Estado, esixímos-lle que actúe responsavelmente, cumprindo así con o mandato constitucional e con os Tratados internacionais subscritos e ratificados polo propio Estado, especialmente a Convención contra a Tortura e o Protocolo Facultativo (PF).

Protocolo Facultativo

A repeito deste último, queremos lembrar que o 22 de Xullo rematou a prórroga que o Estado español solicitara à ONU para a posta en marcha do Mecanismo Nacional para a Prevención da Tortura (MNPT) que debe aplicá-lo. Apesar diso, non só non se desenvolveu a lexislación correspondente, senón que o único que se sabe despois da comparecencia da Vicepresidenta do Goberno, M^a T^a Fernández de la Vega, perante a Comisión Constitucional do Parlamento o pasado 16 de Xuño é que está previsto que

Antecedentes

A ofensiva do goberno ven dar continuidade à campaña que o lobby de extrema dereita *NGO Monitor* leva a cabo desde hai anos contra grupos árabes e progresistas de dereitos humanos que traballan no interior de Israel. A particular obsesión de *NGO Monitor* é tamén HRW aínda que non se priva de criticar outras organizacións internacionais como Oxfam ou Amnistía.

Por outra parte, en Abril deste ano a policía rexistou os domicilios de seis activistas israelitas da organización *Novo Perfil*, un grupo feminista que se opón à militarización da sociedade. Foron arrestadas por supostamente axudar algúns xovens a escapar do recrutamento obrigatorio e aínda ignoran se serán procesadas.

"ese mecanismo que nos comprometemos a pór en marcha se integre na institución do Defensor del Pueblo, xa que esta institución ten legalmente atribuídas as funcións que prevé para este novo mecanismo nacional o Protocolo Facultativo à Convención contra a Tortura. Adianto-lles que o mecanismo contará con un consello asesor en que estará representada a sociedade civil".

Decisión que se toma en contra dos criterios expresados por varios representantes da sociedade civil, entre eles a nosa *Coordinadora*. Estes representantes esixen que o MNPT sexa un órgano de nova creación, independente de todos os poderes do Estado e con capacidade para fiscalizar a actuación de calquer institución de custódia e /ou tutela xudicial (requisitos que a Defensoría del Pueblo non cumpre).

Aínda máis, a forma e fondo do MNPT foi discutida entre membros da Administración, personalidades académicas e representantes da sociedade civil através de un grupo de contacto que leva sen se reunir desde Decembro de 2007 e en que as propostas da sociedade civil foron sistematicamente ignoradas, cando non manipuladas, pola Administración.

Así, por exemplo, cando desde a nosa *Coordinadora* se solicitou, varias veces, reabrir a negociación para acordar as liñas básicas do futuro MNPT, o Ministerio de Xustiza contestou que o proceso de consultas será reaberto "unha vez elaborado o proxecto de lei", escatimando deste xeito a negociación real e impondo a súa vontade de forma unilateral.

Por outras palabras, a demora e a imposición son os vimes con os que se elabora o MNPT.

Designación de candidaturas para os organismos internacionais

Por outra parte, tanto o PF como a Convención basean o seu traballo en organismos para a prevención e erradicación da tortura cuxos membros son designados polos Estados signatarios.

Proximamente, o Estado español debe renovar 3 membros en varios destes organismos:

1. No Subcomité da ONU debe substituír D. Leopoldo Torres, que demitiu na metade do seu mandato o 18/02/09, despois de ter sido designado contra a opinión desta *Coordinadora*;

2. no Comité da ONU debe propor outro candidato ao finalizar o mandato de D. Fernando Mariño; e finalmente

3. debe designar unha terceira persoa para o Comité Europeu, en substitución de D. Emilio Ginés, cuxo mandato remata o 12/12/09.

Os membros destes Organismos han de ser persoas experientes, con recoñecida competencia na materia, posuidoras de unha manifesta integridade moral, independencia e imparcialidade no desempeño da súa función.

Obviamente, da calidade dos seus membros dependen tanto o prestixio e autoridade do organismo como a súa eficacia.

Ora ben, a calidade dos integrantes só se pode garantir con un adecuado proceso de selección, presidido polos principios -elementares nunha sociedade democrática- de publicidade, transparencia, igualdade de oportunidades e acreditación dos criterios antes mencionados. Un proceso que exclua o segredo e a ocultación e que non se basee en criterios de selección que respondan a finalidades partidistas, recompensa de favores, prebendas, nepotismo, etc.

No entanto, a experiencia desta *Coordinadora* nas negociacións relativas ao MNPT fai-nos ser pesimistas no que di respecto aos criterios de selección que o goberno aplicará na designación de candidatos.

Con o fin de evitar un novo fracaso da sociedade civil, a *Coordinadora*, xunto con outras organizacións, dirixiu-se aos Departamentos competentes do Goberno central (Vicepresidencia e Ministerio de Asuntos Extranxeiros), para lles lembrar e esixir que os procesos selectivos se realicen en base aos seguintes criterios:

1°. Convocatorias públicas de candidaturas: abertas, en condicións de igualdade e facendo-se fincapé na paridade entre homes e mulleres.

2°. Consultas sobre a idoneidade dos candidatos: non só con organismos e entidades públicas, senón tamén con Asociacións e ONGs que desempeñen un papel activo e contrastado na luta contra a tortura.

3°. Entrevistas de un grupo de expertos con as persoas "preseleccionadas", a fin de avaliar a cualificación destas, así como a súa motivación, dispoñibilidade e aptitudes lingüísticas.

4°. Utilización de un formulario normalizado de currículo vital, destinado a proporcionar a información pertinente sobre os candidatos tanto ás autoridades do estado como ás de organismos internacionais encargadas de fechar o proceso de selección.

A *Coordinadora*, preocupada por estes procesos de selección e das garantías que deben acompañá-los, dirixiu-se repetidamente, por escrito, aos organismos pertinentes. Como contestación, só recibiu silencios e respostas evasivas que remeten a unha futura lexislación aínda non elaborada.

Tamén ten coñecemento a *Coordinadora* de conversas "confidenciais" e/ou "informais" mantidas polo goberno con algúns posibles candidatos.

Tal obscurantismo obriga-nos a solicitar formalmente ao Goberno que informe acerca da totalidade do procedemento de selección de candidatos que o Reino de España há de propor para os Comités e Subcomité antes referidos; e que o faga publicamente, precisando previsións, lugar de publicación e comparecencia e prazos, respectando os principios de procedemento e criterios de selección esixidos.

Conclusión

Ante todo o descrito, a *Coordinadora* só pode concluir con unha valoración nitidamente crítica do labor do Goberno no exercicio das súas responsabilidades a respecto destes asuntos.

Denunciamos esta estratexia que combina a dilación e a imposición a partes iguais. A demora nos procesos fai-nos temer que o Goberno está preparando designacións "de urxencia" dos candidatos aos diferentes organismos internacionais e da Defensoría del Pueblo como MNPT, sen o procedemento debido, o que serían actos de unilateralidade a autoritarismo inaceitábeis.

A sociedade civil e, en concreto as Asociacións de DD.HH. e ONGs, temos dereito a propor as formas dos procesos e a participar neles. A falta de seriedade que até agora nos foi dado constatar leva-nos a sospeitar que o Goberno pon en práctica un simulacro de abertura à sociedade civil, ou unha "abertura selectiva". Un modo cínicamente de facer política, indesexábel e prexudicial para os fins pretendidos.

A ausencia de publicidade e garantías nestes procesos, obrigan-nos a denunciar importantes e transcendentais responsabilidades do Goberno, que poñen en perigo a consecución dos difíceis e esixentes obxectivos do MNPT e dos Comités e Subcomités internacionais, en detrimento da eficaz prevención e erradicación da Tortura, obxectivo último de todos estes procesos.

Todo isto desacredita a política de Dereitos Humanos do Goberno e confirma a práctica da tortura e tratos desumanos no noso Estado, certificando a súa impunidad.

En definitiva, *a corrupción dos procesos conleva a corrupción dos resultados, impedindo a prevención e erradicación da tortura, a pesar de que ese debería ser o obxectivo do Goberno, igual que é o noso.*

Madrid, 22 de Xullo de 2009

BIBLIOTECA

RAISING MY VOICE

Malalai Joja, Rider Books, 2009

A autora desvela no seu libro a verdade cotidiana nun país en guerra, "ensanduichado" entre dous inimigos: o interno, liderado polo goberno "pallaso" de Karzai, e o externo, encabezado polas forzas de ocupación dos EUA e o RU.

Malalai Joja ten 31 anos, está ameazada de morte e é unha das máis xovens activistas de Afganistán. Escapou a cinco tentativas de asasinato, un número no entanto inferior aos varios premios recibidos de recoñecemento pola coraxe que sempre demostrou. A historia de Joja, transcrita agora para libro, é dedicada a todos aqueles que acreditan que o rexime Talibán no Afganistán, destituído hai case oito anos polas forzas norte-americanas, foi substituído por unha sociedade libre e democrática. "É posíbel que o mundo teña sido levado a acreditar que cando os Talibán foron afastados do poder, a xustiza regresou ao meu país", escribe, "mais, polo contrario, permanecemos encarcerados nun país sen acceso a xustiza e aínda dominado por criminosos que odian, en particular, as mulleres".

Cando en Dezembro de 2003 Joja foi designada delegada para a Ioga Jirga, o grande consello tribal reunido para votar unha nova constitución para o Afganistán, esixiu a condena dos "señores da guerra" e os líderes militares, o que provocou a inmediata censura do seu discurso. O seu micrófono foi apagado e Joja expulsada da convención. "A sala estaba repleta dos homes que, nas últimas décadas, tiñan destruído o Afganistán, contribuído activamente para a guerra civil e morto decenas de millares de inocentes", narra no seu libro.

LA HISTORIA DE LA INTERVENCION HUMANITARIA. EL IMPERIALISMO ALRUISTA

Itziar Ruiz-Giménez Arrieta, Catarata Libros, 2005

Tema escaldante e de actualidade, a protección armada dos dereitos humanos, máis coñecida como intervención humanitaria, converteu-se nunha das prácticas intervencionistas dos Estados. A súa evolución histórica manifesta-se en dous escenarios radicalmente diferentes: un, como instrumento de xustiza e defensa dos dereitos humanos e, outro, como elemento 'civilizador', de imposición de unha determinada visión da vida ou da xustiza, concretamente a occidental. Mais os Estados non son membros de un sistema en que impera a lei do máis forte, senón que forman parte dunha sociedade internacional en que as normas e institucións non só determinan o seu comportamento, senón que, ademais, conforman a identidade e intereses dos actores internacionais. A respecto da intervención humanitaria, unha lexislación internacional non consolidada propiciou que os países poderosos, os organismos internacionais, as ONGs, os políticos, os militares, os medios de comunicación, etc. presionen de maneira distinta para a consolidación de determinadas normas. É nesa pugna onde se redebuxaron os límites entre os usos da forza permisíbeis e os inaceitábeis. A análise dos casos do Iraque, Libéria, Somália, Ruanda ou o Kosovo aproxima-nos á evolución da diplomacia coercitiva que a autora califica como imperialismo altruista.

S	APRESENTACIÓN	1 ...
U	ESCALCA	2 ...
M	ANÁLISES E RELATÓRIOS	3 ...
Á	BREVES	11 ...
R	DOCUMENTOS	14 ...
I	BIBLIOTECA	16 ...
O		

C	Pilar Allegue
O	Carlos Aymerich Cano
	Fernando Blanco Arce
L	Pedro Bouso Cedrón
	Justo G. Beramendi
A	José Ángel Brandariz
B	Tony Bunyan
	Sara Carou García
O	Pepe Carreiro
	Marc Carrillo
R	Xoan Cons
A	Barbara Ehrenreich
N	Richard Falk
	Xulio Ferreiro
	Gustavo García
	Valentín García
	Pablo González Mariñas
	Ben Hayes
	Anxel Huete
	Manuel Janeiro
	Héctor López de Castro
	Celso López-Pazos
	Ramon L. Suevos
	Gustavo Luca de Tena
	Yasha Maccanico
	Xaquín Marín
	Eduardo Melero
	Fernando M. Randulfe
	Miguel Anxo Murado García
	Guillermo Presa
	Anxo Quintela
	X. A. Ramos
	Lucia Re
	Rocío Anabel Rodríguez López
	Suso Sanmartín
	Elvira Souto
	Roch Tassé
	José Luis Torrente
	Gemma Ubasart i Gonzàlez
	Vítor Vaqueiro
	Valeiras
	Rosa Mª Verdugo Matés
	Mónica Zapico Barbeiro
	Daniilo Zolo